

A CABALARÍA

A Voz de Galicia (1/11/2008)

No exército de Napoleón había **catro tipos diferenciados de tropas de cabalaría**:

CORACEIROS: Equipados como cabaleiros cunha dura coraza no peito e casco de ferro e latón. Debido ao peso que debían soportar, tanto as tropas coma os cabalos eran grandes e fortes, polo que aplicaban unha considerable forza durante a carga en combate.

DRAGÓNS: Eran o principal corpo da cabalaría francesa, usada tanto en batalla como na patrullaxe. Ian armados co tradicional sabre, pero ademais levaban pistolas e carabinas. Tamén podían loitar como tropa de infantaría en caso necesario.

HÚSARES: Eran os ollos e os oídos dos exércitos de Napoleón, xa que a súa función era principalmente a exploración, mantendo informados aos comandantes dos movementos inimigos. Os húsares tamén se encargaban de que o inimigo non obtivese información.

LANCEIROS: Unha das máis temidas forzas da cabalaría dos exércitos de Napoleón foron os lanceiros polacos. Os lanceiros eran excelentes contra a formación de infantaría, xa que as súas lanzas superaban ás bayonetas da infantaría e podían cazar a un inimigo en movemento.

1. **Le** atentamente o texto anterior.
2. Lembras aos cabaleiros medievais do curso pasado...? **Cal das tropas anteriores** (polo tipo de cabalgadura e a protección que usaba) **lembra aos cabaleiros medievais?**
3. Imaxina que es Napoleón, e que **queres conquistar unha vila**. Para que todo resulte ben, necesitarás coñecer ben o terreo, e **obter a maior información** posible. Pero, loxicamente, ti non te debes expor. **A que tropa de cabalaría recurrirás?**
4. O exército inimigo presenta en primeira liña unha formación de infantaría. **Que tropa de cabalaría elixirías para poder facer frente ás bayonetas inimigas?**
5. **Que tropa de cabalaría podía loitar, en caso necesario, como infantaría?**
6. Busca na páxina web do cole os uniformes da cabalaría francesa. Nun **documento word**, copia as imaxes correspondentes ás catro tropas de cabalaría e escribe debaixo os seus nomes.

<http://centros.edu.xunta.es/ceipfrian/?q=node/452>

Podes axudarte deste titorial:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipfrian/?q=node/473>